



# BANDO

D. CARLOS GÓMEZ PRADO, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA).

## FAI SABER QUE:

Seguindo o protocolo de contención do virus COVID-19, vaise a proceder a adoptar medidas de prevención e loita contra a pandemia que estamos a sufrir.

### Medidas adoptadas polo Concello:

- A atención ao público nas dependencias municipais limitarase só á caso de extrema **necesidade** e se pode ser chamando con anterioridade para verificar dita necesidade da presenza do veciño ou veciña.

**Poderá realizar as súas xestións** a través da sede electrónica do Concello ou telefónicamente chamando ao **986385050**.

### - Permanecerán pechadas as seguintes instalacións municipais:

- Pavillón Municipal
- Campo do Aral
- Campo Val de Martín
- Biblioteca Municipal
- Auditorio V Centenario
- Casa da Navegación
- Museo da Carabela
- Multiusos Ángel Bedriñana
- Escola de música Torrente Ballester
- Centro cultural de Belesar



- A partir do 13 de marzo todas as actividades municipais, deportivas, culturais e de servizos sociais quedan suspendidas durante 15 días , condicionado á evolución da enfermidade.

- Recoméndase ás asociacións e entidades do Concello **que eviten aglomeracións** durante os vindeiros quince días, condicionado á evolución da enfermidade.

- Recoméndase **non facer viaxes e desprazamentos** que non se consideren imprescindibles, evitando a toda costa a zonas de máxima concentración do virus.

- Recoméndase **non visitar centros de maiores, hospitais, centros médicos a excepción de casos de extrema necesidade.**

- Recoméndase á veciñanza **que lave con frecuencia as mans e a cara con auga e xabón e evite na medida do posible o contacto físico con outras persoas.**

- Recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e Consellería de Sanidade e, no caso de ter algún síntoma contactar co 061 ou ao 900400116.

O Concello de Baiona pide á veciñanza que colabore na loita do virus e leve a cabo as recomendacións do Ministerio de Saúde, Consellería de Saúde e Concello de Baiona.

O que se fai público para o seu coñecemento.

En Baiona na data sinalada ao marxe do presente documento asinado dixitalmente.

